25 aniversario 1985-2010

25 anos ao servizo do ensino público

O día 12 de xuño celebrouse o acto que poñía o broche de ouro a un trimestre repleto de actividades con motivo da celebración do XXV aniversario do centro na súa actual ubicación. Este acto contou coa presenza institucional do Alcalde de Santiago, o Secretario Xeral da Consellería de Educación, a Xefa Territorial de Educación e a Concelleira de Educación. Reproducimos deseguido a intervención do Director do Centro

ARRIBA:
Xefa Territorial da Consellería de Educación, Secretario Xeral da Consellería de Educación, Alcalde de Santiago, Director do CEIP Pío XII, Concelleira de Educación.

ABAIXO:
Entrega por parte do Alcalde dun cadro conmemorativo do acto.

"Sr. Alcalde, Sr. Secretario Xeral de Educación Sra. Xefa Territorial de Educación, Concelleira de Educación, compañeiros/as, pais/nais e alumnos/as...

É para min unha gran satisfacción dirixirme a todos con motivo da celebración do 25 aniversario da inauguración do noso colexio.

Celebramos os 25 anos da nosa pequena e grande historia. 25 anos de historia de nenas e nenos, familias, profesoras e profesores, conserxes, limpadoras, administrativas. 25 anos de traballos, proxectos e ilusións compartidas. 25 anos de búsqueda constante de novas formas, de novas estratexias e métodos, de novos camiños para conseguir cidadáns creativos, críticos, investigadores, autónomos, …25 anos de esperanza e confianza no que vimos facendo.

Hoxe, 25 anos despois, estamos moi ledos por poder celebrar todos xuntos, os de antes e os de agora, e compartir os nosos recordos e experiencias, e de que sexan unha guía para o futuro.

Dende a súa creación e ó longo de todos os anos, foise fomentando a participación activa de todos os membros da Comunidade Educativa, posibilitando ó noso alumnado realizar actividades variadas e enriquecedoras, así: visitas, saídas, aulas activas, teatro, festivais, intercambios, obradoiros, actividades deportivas, exposicións, etc.

Moitos foron os profesores/as que pasaron por este Centro, a todos eles e elas, calquera que fose a súa responsabilidade, debémoslles parte do éxito acadado e, por suposto, todos cun obxectivo común: de educar as nosas alumnas e alumnos cos mellores medios posibles. Eles foron, son e serán o noso futuro así como o seu propio.

Temos por diante un grande camiño que percorrer para conquerir mellorar o noso centro, con novos recursos persoais, materiais e de infraestrutura que enriquezan o entorno pedagóxico das nosas alumnas e alumnos, así como a atención á diversidade do alumnado na súa máxima extensión.

Todos os de agora, os de antes e os do futuro temos un mesmo compromiso que é "educar"

O que é, é non é como debería ser. Non é como nos dixeron que ía ser. Non é como foi. Non é como será mañá.

FOTO DE GRUPO

O acto que comezou co canto do Himno Galego, rematou cas intervencións musicais a cargo de ex-alumnas do centro así como o coro de alumnas e alumnos de 1º ciclo.

ROSALÍA GÓMEZ

IRIA FERNÁNDEZ

1º CICLO

ELBA e EDURNE

E, se nos referimos ás alumnas e alumnos, sería imposible lembrar a todos e todas, moitos de vós xa persoas adultas. Desexamos que o noso traballo con todos vós no colexio fose enriquecedor e que despois de tantos anos, conseguísedes o voso obxectivo.

Algúns volvestes, confiástesnos aos vosos fillos e fillas e desexamos unha vez máis que o Centro cumpra de novo as vosas expectativas como pais/nais.

O noso recordo máis sincero tamén ás familias, (moitas nestes 25 anos), pola confianza que depositastes no Colexio, pois esa confianza contribuíu a que sigamos educando ás seguintes xeracións nun Centro cada vez máis innovador e aberto a novas propostas.

Todos os que traballamos no Colexio PIO XII, calquera que sexa o noso cargo de responsabilidade somos parte do Proxecto Educativo do Centro.

O seu merecido recoñecemento é o resultado dos esforzos, compromisos e da calidade do traballo de cada un.

Indubidablemente, chegar aos vintecinco anos é alcanzar a madurez, baseada na experiencia. Como Colexio, tamén chegamos a unha madurez que se ten que reflectir en proxectos claros e comprometidos para ofrecer cada día un ensino de maior calidade.

Desde o cargo que ocupo, creo que me corresponde agradecer a todas e todos, a cada unha das persoas que xa non están no colexio, así como a cada un de vós, a entrega que demostrastedes nestes 25 anos. Anímovos a seguir participando.

Por último, o agradecemento ás institucións oficiais Concello e Consellería de Educación que foron mellorando o centro e as súas instalacións. O noso desexo é o de que todos sigamos colaborando no futuro, cada un na nosa parcela de responsabilidade, para conseguir o que todos perseguimos, que é a mellor educación das nenas e os nenos que veñan a este colexio, que son o futuro da nosa sociedade. ”